



ACTA DA SESIÓN DO SORTEO CELEBRADO PARA DIRIMIR O EMPATE XURDIDO NO PROCESO DE ELABORACIÓN DA LISTA PARA O INCREMENTO DE NÚMERO DE COTAS DE CAPTURA ENTRE AS EMBARCACIÓNS INCLUÍDAS NO PLAN DE XESTIÓN PARA O RECURSO ESPECÍFICO PERCEBE, MODALIDADE DENDE A PÉ E DENDE EMBARCACIÓN DA CONFRARÍA DE PESCADORES DE LAXE

**Lugar:** Xefatura Territorial da Coruña da Consellería do Mar  
Rúa Ramón y Cajal, 2 – 5º andar (Casa do Mar) – A Coruña

**Data:** 3 de maio de 2023

**Hora do sorteo:** 12:00 h (en primeira convocatoria) - 12:30 h (en segunda convocatoria).

**Medio de celebración:** Presencial

#### Asistentes:

- Representando á Consellería do Mar (Xefatura Territorial da Coruña):
  - María José Cancelo Baquero (xefa territorial da Consellería do Mar na Coruña, que actúa como presidenta do sorteo)
  - Miguel Gómez Losada (xefe do Servizo de Desenvolvemento Pesqueiro, que actúa como secretario do sorteo).
- Non acude ningunha persoa armadora ou representante das embarcacións empatadas.

#### Embarcacións aspirantes empatadas:

| Embarcación     | Matrícula | Folio | Total |
|-----------------|-----------|-------|-------|
| LAXEIRA         | CO-3      | 2-04  | 7,00  |
| RIA DE LAXE     | CO-3      | 4-93  | 7,00  |
| SEGUNDA ORLINDA | CO-3      | 1-02  | 7,00  |

Xefatura Territorial da Coruña  
Rúa Ramón y Cajal, 2 5º andar (Casa do Mar)  
15006 A Coruña  
Tel.: 981 182 000  
[xefaturaterritorial.mar.coruna@xunta.gal](mailto:xefaturaterritorial.mar.coruna@xunta.gal)





## Consideracións legais e técnicas

1. A Comunicación do 26 de abril da Xefatura Territorial da Consellería do Mar da Coruña acordou a celebración dun sorteo para dirimir o empate no procedemento de elaboración da lista para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan de xestión para o recurso específico percebe, modalidade a pé e dende embarcacións da confraría de pescadores de Laxe.
2. O apartado A.8 do anexo I da Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se aproba o baremo para acceder ás modalidades de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións, así como para elaborar as listas e actualizar os méritos para o incremento do número de cotas de captura para embarcacións incluídas nun plan de xestión de recursos específicos establece que *"En caso de empate na puntuación obtida, resolverase en presenza das persoas afectadas pola dita situación"*.

## Celebración do sorteo

Na data, hora e lugar sinalados enriba, celebrouse o sorteo en segunda convocatoria baixo a actuación da presidenta e do secretario.

O transcurso da sesión desenvólvese do seguinte xeito:

1. Ás 12:00 h, hora da primeira convocatoria do sorteo, compróbase que non acudiu ningunha persoa armadora ou representante das embarcacións empatadas polo que se agarda á segunda convocatoria para realizar o sorteo.
2. Ás 12:30 h, en segunda convocatoria, compróbase que non acudiu ningunha persoa armadora ou representante das embarcacións empatadas e iníciase o sorteo.
3. Amósanse e lense en voz alta as papeletas co nome de cada unha das embarcacións e marcas externas (matricula e folio) que entran a formar parte deste sorteo.
4. Introducíronse todas as papeletas co nome das embarcacións nunha bolsa opaca e remexéronse para unha disposición aleatoria. Posteriormente, solicitouse a unha persoa representante da administración ausente da sala de preparación do sorteo que entrara na mesma e extraera da bolsa unha a unha cada papeleta.
5. Queda establecida a seguinte orde de prelación das embarcacións de acordo ca orde de extracción das papeletas:





| Orde de prelación | Embarcación     | Matrícula | Folio |
|-------------------|-----------------|-----------|-------|
| 1                 | RIA DE LAXE     | CO-3      | 4-93  |
| 2                 | SEGUNDA ORLINDA | CO-3      | 1-02  |
| 3                 | LAXEIRA         | CO-3      | 2-04  |

6. Ás 12:35 h finaliza o sorteo.

O Secretario  
Miguel Gómez Losada  
(Sinatura electrónica)

Visto e prace,  
A Presidenta  
María José Cancelo Baquero  
(Sinatura electrónica)

